

COMUNICADO Nº 187/23

11 DE AGOSTO DE 2023

CONVOCATORIA DE AXUDA PARA PARTICIPANTES EN CAMPIONATOS, COPAS E TROFEOS DE CARÁCTER INTERNACIONAL

Primeiro. Obxeto da convocatoria, beneficiarios e finalidade.

1.1. O obxecto da presente convocatoria é a concesión de axudas para a participación en Campionatos, Copas e Trofeos internacionais, celebrados ó amparo da Federación Internacional de Automovilismo (FIA) durante a tempada 2023.

1.2. Poderán optar a axuda todos os pilotos e copilotos que participen en Campionatos, Copas e Trofeos internacionais, celebrados ó amparo da Federación Internacional de Automovilismo (FIA), que cumpran cos requisitos que figuran nestas bases.

1.2. Os cartos que se destinan á axuda dos deportistas proceden dos fondos propios da F. G. de A.

Segundo. Importe das axudas.

2.1. A F. G. de A. destinará a este programa na tempada 2023 unha cantidade máxima de NOVE MIL EUROS (9.000,00 €).

2.2. O importe de cada axuda ascende a MIL EUROS (1.000,00 €) no caso dos pilotos e CINCOCENTOS EUROS (500,00 €) no dos copilotos.

Terceiro. Requisitos a cumprir polos beneficiarios.

3.1. Os beneficiarios deberán cumprir cos requisitos establecidos a continuación:

a) Contar con vecindade civil galega segundo o artigo 14 do Código Civil;

b) Estar inscrito, ou no seu defecto, puntuar nun Campionato, Copa ou Trofeo

internacional, organizado ó amparo da FIA, na tempada 2023;

- c) Posuir Licencia Internacional FIA en vigor;
- d) Participar nun mínimo de catro probas desos campionatos, copas ou trofeos internacionais;
- e) Ter participado durante as tempadas 2022 ou 2023, en alomenos unha proba puntuable para calquera Campionato, Copa ou Trofeo organizado ao amparo da F. G. de A.;
- f) Non contar coa condición de deportista profesional, de conformidade coa clasificación que se contén na Ley 39/2022, de 30 de diciembre, del Deporte;
- g) Poñer a disposición da F. G. de A. a documentación xustificativa que a propia F. G. de A. requira, para a verificación do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria; especificamente para a acreditación da inscrición, participación e cumprimento dos requisitos de puntuabilidade de conformidade co reglamento do Campionato, Copa ou Trofeo de aplicación;
- h) Cumplir coas obrigas documentales e de control económico establecidas pola F. G. de A., e pola normativa de aplicación;
- i) Estar ó corrente no pago das súas obrigas fronte a AEAT, a TGSS. a ATRIGA, e a propia F. G. de A.;
- j) Non atoparse en cumprimento de unha sanción ou medida cautelar imposta polo Tribunal de Apelación da F. G. de A.;

3.2. Os beneficiarios da axuda deberán levar un adhesivo da F. G. de A. de un tamaño mínimo de 20 cm. x 10 cm., no fronte do vehículo –en karts, a medida será de 15 cm. x 8 cm. –, e un adhesivo de 6 cm. x 3 cm. no casco.

As solicitudes de axuda deberán presentarse por escrito na F. G. de A. (no correo electrónico fga@fga.es). A documentación que se establece nestas bases deberá ser entregada presencialmente ou por mensaxería, antes das 18:00 h. do 30 de agosto de 2023.

5. Documentación a incluír.

Copia da Licencia Internacional;

Certificación da inscrición no Campionato, Copa ou Trofeo internacional que corresponda, de ser de aplicación, na tempada 2023;

Copia do regulamento do Campionato, Copa ou Trofeo no que participe o solicitante;

Clasificación de tódalas probas, que inclúa os abandonos, de ser o caso, nas que o solicitante houbera tomado a saída, no curso da tempada 2023;

Certificados acreditativos de encontrarse ó corrente de pago cá AEAT, TGSS e ATRIGA.

Certificado de titularidade de conta bancaria.

Escrito no que o beneficiario se comprometa a utilizar a imaxe corporativa da F. G. de A. da forma establecida nas presentes bases. Escrito no que o beneficiario permita o uso da súa imaxe para fines publicitarios e promocionais da F. G. de A. E compromiso de acudir a firma do convenio de forma presencial á sede federativa en Lalín.

6. Prazo para resolución e pago.

6.1. A F. G. de A. resolverá sobre a solicitude da axuda antes do 30 de setembro de 2023.

6.2. Os beneficiarios deberán manifestar por escrito a aceptación da concesión da

axuda, no prazo de 10 días hábiles dende a recepción da notificación da decisión.

6.3 A axuda farase efectiva, mediante transferencia bancaria, no prazo de un (1) mes dende a recepción do escrito de aceptación.

7. Incumprimento.

O incumprimento de calquera das regras establecidas en estas bases, falseamento ou ocultación de condicións que houberan impedido optar á axuda, podrá xerar a declaración de nulidade da axuda concedida, estando obrigado o beneficiario a devolver o importe íntegro da axuda, máis os correspondentes intereses legais.

8. Criterios de adxudicación.

As axudas concederanse por estricta orde de chegada das solicitudes.

En Lalín, a 11 de agosto de 2023.

Fdo. D. Antonio Rodríguez Troitiño
Presidente da F. G. de A.

